

CORRELINGUA 2012



GALEGO, TODO O QUE BUSCAS

BASES PARA O CONCURSO DE VIDEO.

1. Pode participar todo o alumnado de Educación Obrigatoria e Postobrigatoria menor de 20 anos, de calquera centro de Galiza, que conten coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores) no caso de menores de idade.
2. O vídeo deberá estar de acordo cos OBXECTIVOS xenéricos do Correlingua, que son:
 - Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
 - Sensibilizar a sociedade, a través da poboación xuvenil, da importancia da defensa da lingua galega.
 - Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares.
3. A extensión do vídeo será dun máximo de 3 minutos e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema do ano 2012 ou calquera outro motivo polo que falar galego.
4. As e os participantes deberán enviar as súas gravacións, antes do 1 de abril de 2012 ben ao enderezo electrónico correlingua@gmail.com, ben en calquera soporte dixital ao enderezo:

CORRELINGUA

AVENIDA DE LUGO 2A- Entresollado A

15701, Santiago de Compostela

No envío indicarse o pseudónimo, e adxunto deberán vir os seguintes datos:

- centro escolar a que pertencen e

– teléfono de contacto.

– Profesorado responsábel.

– Autorización de pais, nais ou titores.

5. O xurado estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

6. A/o gañadora/a recibirán un premio por determinar.

7. O traballo gañador será proxectado no acto de presentación do Correlingua 2012

8. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.

9. Os traballos entregados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua, así como nas redes sociais como Facebook, Twiter ou Tuenti. Para estes efectos as e os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

10. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.